

FICHA 10

Porque mereces un...

10

Para que rompas coa monotonia.
Para que, por fin, atopes unha programación dinámica e completa.
Para que poidas informarte do que realmente che interesa.

TV 10 A catle que acompaña o teu ritmo.

RADIO ESFERA
ESFERALIZATE CONNOSCO!

PARA QUEN NUNCA PERDE A CONEXIÓN!

QUE? TODO. CANDO? A CALQUERA HORA. ONDE? EN TODAS AS PARTES.

INFORMACIÓN CONTINUA: ACONTECIMENTOS, DEPORTE, SOCIEDADE, CULTURA.

SÓ EN **RADIO ESFERA!**

FICHA 25

Estimados señores:

Póñome en contacto con vostedes para solicitar o posto de relacións públicas na súa empresa, anunciada en...

FICHA 3 A Rianxeira

Letra máis popularmente coñecida na actualidade

A Virxe de Guadalupe cando vai pola ribeira. (bis)
descalça pola area... (bis)

Letra orixinal (gravada e estreada por primeira vez)

Moito me gustas rianxeira que estás eiqi na Arxentina verche cantar e beilar-e coma alá na terra miña. (bis)

RETROUSO

FICHA 11

CAMBIOS NA PROGRAMACIÓN DE TeleGA

Que suprimirías?

Que engadirías?

FICHA 7

ACTA DA ASEMBLEA DE VECIÑOS

Relación de asistentes:

Fichas

FICHA 8

- 1 Estar sentado
- 2 Estar agachado
- 3 Estar tombado/deltado (boca arriba)
- 4 Estar tombado/deltado (boca abaixo)
- 5 Estar de pé
- 6 Estar de xeñillos
- 7 Estar en creqenas



FICHA 15

Clasificación de adxectivos

Positivos
orixinal
limpo
monumental
chea de vida
unha soia
chea de cor
un encanto
ben conservada
un gozo para os sentidos
atractiva
donosa
animada
Negativos
despoboad
ancorada no pasado
illada
Neutros
literaria
gastronómica
antiga
histórica
episcopal
agropecuaria

FICHA 16



Rubén Ruibal Armesto
1970 (Ribadeo - Lugo)

Actor e dramaturgo do teatro galego que tamén se define como "amo de casa e agricultor a tempo parcial". Na súa traxectoria foi empregado de biblioteca, entrevistador do INE, vendedor en grandes almacéns, comercial e tradutor. No mundo do teatro formouse xunto a Roberto Vidal Bolaño, co que colaborou na compañía Teatro do Aquí. En 2000 creou, con Carlos Losada, a compañía Teatro Cachuza que levou ás táboas os seus primeiros textos teatrais. Como actor tamén traballou co Centro Dramático Galego. Entre as súas obras destacan...

Fichas

FICHA 1

Testemuña 1: xornalista	
Cronoloxía do suceso	
Data	Suceso
13 de novembro	_____
_____	Remolcadores levan o barco cara ao medio do mar.
15 de novembro	_____
_____	Rotura do <i>Prestige</i> fronte á costa.

Testemuña 2: voluntaria
Experiencia do voluntariado
De que pezas de roupa e ferramentas se compón o equipamento dos voluntarios? _____
Onde se aloxan? _____
Cal é a actitude da xente do lugar? _____
Que se pode facer para mellorar a situación? _____

FICHA 2

Petición directa	Traédeme unha placa solar; _____
Transmitimos a petición hoxe	Pídenos que lle levemos unha placa solar; _____
Transmitimos a petición dentro dun par de días	Pediunos que lle levásemos unha placa solar; _____

A Rianxeira

Letra máis popularmente coñecida na actualidade

A Virxe de Guadalupe
cando vai pola ribeira. (bis)
descalciña pola area
parece unha rianxeira.(bis)

(Retrouso)

Ondiñas veñen
ondiñas veñen e van
non te embarques rianxeira
que te vas a marear. (bis)

A Virxe de Guadalupe
cando vai para Rianxo(bis)
a barquiña que a trouxo
era de pau de laranxo (bis)

A virxe de Guadalupe
quen a fixo moreniña,(bis)
foi un raíño de sol
que entrou pola ventaíña. (bis)

Letra orixinal (gravada e estreada por primeira vez)

Moito me gustas rianxeira
que estás eiquí na Arxentina
verche cantar e beilar-e
coma alá na terra miña. (bis)

(Retrouso)

Ondiñas veñen
ondiñas veñen e van
non te embarques rianxeira
que te vás a marear. (bis)

Que guapa estabas rapaza
cando che vín na ribeira,
tiñal-a cara morena
coma a virxe rianxeira. (bis)

A virxe de Guadalupe
váí no yate de Baltar,
lévana os rianxeiros
a remolque polo mar. (bis)

4. NEGOCIAMOS?

(Epígrafe B)

- E vós, como vedes iso do horario flexible?
- _____ só vexo vantaxes, xa que traballas as mesmas horas á semana, pero podes organizar mellor os teus horarios e...
- _____ e segundo ás túas necesidades persoais, por exemplo, de acordo cos horarios do colexio dos nenos ou se queres facer calquera curso ou ir ao ximnasio...
- _____ e, ao final, seguro que lle sacas máis proveito ao teu tempo.
- Xa, iso si. Pero a min o que me preocupa é a organización no traballo. Isto vai ser un enredo se cada un vén á hora que quere, pois nunca vas saber con quen podes contar. E como moitas cousas aquí temos que decidilas en equipo... non sei, que vos parece?
- _____ podemos organizarnos entre todos; e ademais, se non nos poñemos todos de acordo, isto non vai ser posible. Non van facer uns horarios flexibles e outros non. Iso si que sería un verdadeiro caos.
- _____ poderíamos negociar entre todos unha franxa horaria na que todos coincidísemos, quero dicir, que nos fose ben a todos. Así si que estaría ben a proposta de horario flexible.
- _____ poderíamos falalo, digo eu. Outra cousa que podemos facer é negociar uns días concretos nos que todos esteamos aquí para coordinación e consultas.
- Si, tamén podería ser, pero...
- Eu quería propoñer algo. Mirade, flexibilidade só no horario de entrada e de saída. Se en vez de entrar ás nove, alguén entra ás once, pois logo sae dúas horas máis tarde, pero polo menos estariamos parte da mañá ou da tarde todos xuntos. Que opinades?
- _____ eu nese caso estaría de acordo.
- Si, si, si, eu tamén.
- _____ eu aínda non o vexo claro. É que non vai haber ningún control... eu creo que haberá xente que vai facer menos horas das que debería. Quen se vai poñer a controlar o tempo que traballa cada un?
- _____ tamén é certo. Se hai xente que chega tarde agora ou que sae tomar un café cando quere... se ademais ten horario flexible, u! A ver o que fará.
- _____ aí quería eu chegar. É que, enriba, esa xente é a que pide o horario flexible. Eu non acabo de ver nada claro, eh?
- Eu tampouco.

Proposta 1

Unha asociación quere sacar ao mercado un xornal gratuíto, de ámbito local, no que haxa noticias da xente da zona. Tratarase dun xornal alternativo, no que todos poidan dar a súa opinión. Ten a intención de pedir unha subvención ao concello para cubrir unha parte dos gastos de produción.

Proposta 2

Unha empresa de construción propón realizar un complexo bastante lonxe de calquera centro urbano. O proxecto consiste en ofrecer unha zona residencial con casas unifamiliares con piscina e un campo de golf. Será un espazo para relaxarse e gozar dun ambiente tranquilo e exclusivo.

Proposta 3

O concello dunha vila bastante lonxincua propón a construción de diferentes vías para mellorar a accesibilidade da zona. O proxecto consiste, en primeiro lugar, na explotación da estrada que xa existe para convertela en autoestrada e, en segundo lugar, en facer chegar o tren á vila, para o que se precisarían obras de grande envergadura.

A pirataría é un delito, deberíamos comprar todo orixinal.

Deberíamos impulsar o teletraballo; perdemos unha chea de horas e de enerxía desprazándonos ao lugar de traballo.

Os videoxogos son cada vez máis violentos, cómpre prohibilos.

Deberían subir o prezo da auga, a xente non a valora. Seguro que consumiríamos moita menos.

Estaría ben que houbo máis redes de intercambio de roupa, de libros, de CD etc.

A expropiación das casas que levan moito tempo sen ser habitadas debería ser obrigatoria para que as usasen outras persoas.

A tele debería ter sempre un fin didáctico e cultural, xa que a ven moitas persoas.

Habería que recuperar a idea de colaborar cos veciños, de prestar axuda mediante bancos de tempo, onde cada un participa co que sabe facer e pode obter outro tipo de axuda a cambio.

FICHA 8

1 Estar sentado

2 Estar agachado


3 Estar tombado/deitado (boca arriba)

4 Estar tombado/deitado (boca abaixo)

5 Estar de pé

6 Estar de xeonllos

7 Estar en crequenas



FICHA 9




Rubén Ruibal Armesto

1970 (Ribadeo – Lugo)

Actor e dramaturgo do teatro galego que tamén se define como “amo de casa e agricultor a tempo parcial”. Na súa traxectoria foi empregado de biblioteca, entrevistador do INE, vendedor en grandes almacéns, comercial e tradutor. No mundo do teatro formouse xunto a Roberto Vidal Bolaño, co que colaborou na compañía Teatro do Aquí. En 2000 creou, con Carlos Losada, a compañía Teatro Cachuzo que levou ás táboas os seus primeiros textos teatrais. Como actor tamén traballou co Centro Dramático Galego. Entre as súas obras destacan *Limpeza de sangue*, ganadora do Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais 2005 e do Premio Nacional de Literatura Dramática 2007; *Fume* (2000) (coautoría de Carlos Losada); *Traffic: arroz mubi* (2004) e *¡Triunfadores!* (2005).

FICHA 10

Porque mereces un...



- Para que rompas coa monotonía.
- Para que, por fin, atopes unha programación dinámica e completa.
- Para que poidas informarte do que realmente che interesa.

TV 10 A canle que acompaña o teu ritmo.



ESFERALÍZATE CONNOSCO!

PARA QUEN NUNCA PERDE A CONEXIÓN!

QUE? TODO.
CANDO? A CALQUERA HORA.
ONDE? EN TODAS AS PARTES.

INFORMACIÓN CONTINUA:
ACONTECEMENTOS, DEPORTE,
SOCIEDADE, CULTURA...

SÓ EN...

RADIO ESFERA!

FICHA 11

CAMBIOS NA PROGRAMACIÓN DE TeleGA

Que suprimirías?

Que engadirías?

Programación ideal

FICHA 12

Forma verbal da oración principal	Forma verbal da oración temporal	Faise referencia ao...
deixaron (pretérito)	dixeron/se publicitaron (pretérito)	pasado
seguen (presente indicativo)	preparan (presente indicativo)	presente
(é) (presente indicativo)	merendan (presente indicativo)	presente
sairemos (futuro indicativo)	cumpriren (futuro subxuntivo)	futuro

FICHA 13

Cando me xubile, farei a viaxe dos meus soños.		Cando rematei a carreira comecei a traballar aquí.	
A nena chorou ata que chegou a súa nai.		Cando aprobares o concurso, faremos unha gran festa.	
Cando vivía na aldea, tiña máis tempo libre.		Mentres recollo o salón, podías preparar algo de comer.	
Ao terminarmos de xantar, veremos o vídeo da voda.		En canto saian os resultados, chamámolo.	
	Frases	Partícula temporal	Tempo verbal
Referencia ao presente	<i>Mentres recollo o salón...</i>		
Referencia ao pasado			
Referencia ao futuro			

Sonia

PROPOSTA	Cumpriu	Non cumpriu
Coidar os peixes.		
Ir á clase de solfexo e música.		
Ler os libros.		
Preparar pratos saudables e comer tranquila.		

Lois

PROPOSTA	Cumpriu	Non cumpriu
Frecuentar un grupo de excursionismo.		
Usar roupas de cores claras.		
Aceptar plans imprevistos.		
Saltar horarios fixos.		
Quedar cos amigos.		
Asistir ao curso de salsa e merengue.		
Falar con tres ou catro persoas.		

Clasificación de adxectivos

Positivos
orixinal limpa monumental chea de vida unha xoia chea de cor un encanto ben conservada un gozo para os sentidos atractiva donosa animada
Negativos
despoboada ancorada no pasado illada
Neutros
literaria gastronómica antiga histórica episcopal agropecuaria



As flores, que están enriba da mesa, son para Carme.



As flores que están enriba da mesa son para Carme.

FICHA 17

Exemplo A:

Valore de 1 (moi insatisfeito) a 5 (moi satisfeito) segundo o seu grao de satisfacción:

1. Os servizos (bibliotecas, ximnasios, hospitais...):

1 2 3 4 5

2. _____

1 2 3 4 5

3. _____

1 2 3 4 5

4. _____

1 2 3 4 5

5. _____

1 2 3 4 5

Exemplo B:

Responda as seguintes preguntas marcando

SI ou NON:

1. Está satisfeito cos servizos do lugar onde vive (bibliotecas, ximnasios, hospitais...)?

Si Non

2. _____

Si Non

3. _____

Si Non

4. _____

Si Non

5. _____

Si Non

FICHA 18

	V	F
1. O incendio foi provocado por unha fogueira que fixera un grupo de mozos da localidade.		
2. Os bombeiros dunha localidade veciña axudaron a controlar o lume, pero o vento e a seca do lugar dificultáronlles o traballo.		
3. Os responsables do lume avisaron directamente o corpo de policía local.		
4. O incendio extinguiuse na mesma noite, pero marcou a paisaxe galega ocasionando estragos considerables na fauna.		
5. O concello da localidade homenaxeou a muller que axudou a salvar os rapaces.		

FICHA 19

Substantivos derivados de verbos	Substantivos derivados de adxectivos
-ción/cción -sión	-ez/eza
-ado/-ada -ido/-ida	-ura
-mento	-(i)dade
-axe	Outros
Outros	

Cando as reservas de petróleo se esgotaren, o planeta entrará nunha enorme crise enerxética e todo cambiará.

Antes de que se acaben as reservas de petróleo, descubrirose a maneira de facer funcionar os motores con auga.

Cando os gobernos decidiren actuar realmente contra o efecto invernadoiro, será demasiado tarde e as cidades da costa de todo o mundo desaparecerán.

A selva amazónica continuará diminuindo mentres os gobernos da zona non tomen medidas serias e prohiban totalmente a corta de árbores.

Deberían penalizarse os consumidores que non reciclan o plástico que botan ao lixo.

FICHA 21

Campaña (grupo)	Seria	Divertida	Orixinal (formato)	Orixinal (tema)	Importancia/ Relevancia do tema na sociedade
1					
2					
3					
4					
...					

FICHA 22

Problemas dos traballadores
<ul style="list-style-type: none">- Falta de tempo para estar coa súa familia- Dificultade para compaxinar as vacacións de traballo coas vacacións escolares (no caso dos que teñen fillos).- Falta de tempo para coidar dos seus pais ou fillos enfermos.- Pouca dispoñibilidade de tempo para seguir formándose.- Dificultade das mulleres para teren fillos e prosperaren profesionalmente.- Pouca dispoñibilidade de tempo para o desenvolvemento persoal.

Propostas de Dixitalpunto.com para a conciliación laboral	Outras propostas
<ul style="list-style-type: none"> - Tempo libre para a formación: os traballadores dispoñerán dun número de horas anuais, dentro da xornada laboral, para dedicalas á súa formación profesional. - Alongar as vacacións: posibilidade de cambiar o salario por días de vacacións ou de solicitar días libres non retribuídos. - Traballo a distancia: posibilidade de realizar o total ou parte do traballo dende a casa. - Un por cinco: dereito a ter un ano sabático tras cumprir cinco anos na empresa. - Axuda familiar: subvención de gardarías para os traballadores con fillos menores de tres anos. 	

Dina: *Lin no xornal que estes días nun recinto feiral de Vilagarcía de Arousa hai un salón de inventos, que é unha exposición de produtos innovadores.*

Clara: *Pero hai tantos produtos novos así, como para que fagan unha exposición?*

D: *Pois si que os hai. Falaban, por exemplo, dun portón inchable que non deixa pasar a auga cando hai riada, dun aparello que baixa o risco de fuga de gas...*

C: *Iso si que son inventos. E ti cres que funcionan logo?*

D: *Home, si. Se de moitos deles fan alí mesmo a demostración e todo. Iso dicíano tamén no xornal.*

C: *Pois se o dis... e que raro que non falasen de ningún coche deses moi sofisticados, non?*

D: *De coches non, pero si falaban dun chisme que quenta a auga e derrete o xeo dos parabrisas.*

C: *Pois si que temos inventores neste país...*

D: *Pero se tamén hai inventos estranxeiros na mostra esa. De México trouxeron, segundo o artigo, uns zapatos ou sandalias que cambian de cor e de modelo sen maiores custos.*

C: *Vaia! Unhas sandalias así ata as compraba eu, cunhas soas xa pasaba todo o verán. Pero valerán un ollo da cara, imaxino...*

D: *Pois de prezo non se falou en ningún momento, creo que non se trata de vender nada aínda.*

C: *Entón non ten moito sentido, non? Ou non é unha exposición aberta ao público?*

D: *Si, home, si. Pero ao público só se lle dan a coñecer as invencións.*

C: *Así que ti vas a unha feira, ves algo que che interesa e non o podes mercar... e os que inventan os artigos eses tampouco os queren vender?*

D: *Pero cando se inventa algo así, nun primeiro momento o que máis queren os inventores é que a xente coñeza o seu produto. No salón ese de Vilagarcía as persoas que visitan a exposición poden escoller o que lles parece máis innovador ou máis creativo. Logo, prémianse os inventores.*

C: *Claro e logo tamén alguén que ve un artigo deses na exposición pode copialo e saír vendéndoo por aí...*

D: *Se iso non o pode facer ninguén porque os inventores patentan todo o que crean.*

C: *E patentar, que vén sendo?*

D: *Pois... eh, é como se che dan un certificado de que es o creador de algo e só ti tes o dereito de sacalo ao mercado.*

C: *Anda, pois si que inventan cousas, eh!*

Estimados señores:

Póño-me en contacto con vostedes para solicitar o posto de relacións públicas na súa empresa, anunciado o venres 9 deste mes no xornal O Correo Galego.

Son licenciada en Psicoloxía e traballei no departamento de recursos humanos en diferentes empresas. Dende o ano 2006 traballo para INFOCIT. Durante este tempo conseguín consolidar a miña experiencia profesional e isto fai que me formule novos obxectivos laborais.

Achégolles o meu currículo, xa que creo que reúno o perfil adecuado para o posto que ofrecen. Son unha persoa dinámica e sociable, polo que me integro con facilidade en calquera contorno laboral, e o traballo en equipo paréceme enriquecedor. Responsabilidade e iniciativa son outras das aptitudes que me caracterizan, así como a capacidade de planificación e organización das miñas tarefas. Por todo isto, sintome capaz de afrontar os retos que supón un traballo coma o que vostedes ofrecen.

Quedo á súa disposición para unha entrevista persoal, co fin de detallar calquera dos datos achegados.

Cordialmente,
Elvira Díaz

